

Anexo I

I. Títulos Propios de especialización académica

I.1. Prezo máximo de crédito para o estudantado:

		Tarifa Xeral	Comunidade Universitaria / Persoas Desempregadas	Comunidade Alumni	Importe máximo da tarifa xeral – Curso académico
Posgrao	Mestrado Propio	90 € / ECTS	76,5 € / ECTS	81 € / ECTS	5.400 € (60 ECTS)
	Especialista	90 € / ECTS	76,5 € / ECTS	81 € / ECTS	5.310 € (59 ECTS)
	Experto	90 € / ECTS	76,5 € / ECTS	81 € / ECTS	2.610 € (29 ECTS)
	Curso Avanzado de Posgrao	90 € / ECTS	76,5 € / ECTS	81 € / ECTS	1.260 € (14 ECTS)
Formación Universitaria	Formación Superior Universitaria	60 € / ECTS	51 € / ECTS	54 € / ECTS	3.600 € (60 ECTS)
	Curso de Formación Universitaria	60 € / ECTS	51 € / ECTS	54 € / ECTS	1.140 € (19 ECTS)

I.2. Outras reducións de prezos:

O alumnado que finaliza estudos oficiais de Grao na Universidade de Vigo beneficiarase do prezo como comunidade universitaria se efectúa a matrícula do título propio no curso académico inmediatamente seguinte.

I.3. Criterios excepcionais:

As direccións académicas poderán solicitar un prezo superior, no caso de que a proposta do título xustifique adecuadamente unha dotación específica para:

- A compra de material funxible para o correcto desenvolvemento das prácticas do título.
- O aluguer de instalacións, equipos ou maquinaria moi específicas non dispoñibles na Universidade de Vigo.
- A compra de material inventariable non dispoñible na Universidade de Vigo.
- A necesidade de desprazamentos do estudantado ou prácticas de campo de elevado custo.

As excepcións nos prezos deberán ser solicitadas pola dirección da Escola Aberta de Formación Permanente ao Consello Social e ser aprobadas con anterioridade a que a Comisión de Estudos Propios ou o Consello de Goberno aprobe o título propio.

I.4. Prezo de expedición do título / diploma:

- a) Para os títulos de **mestrado propio** establécese o mesmo importe que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, mediante decreto anual, fixa para os títulos oficiais de Grao e Máster.
- b) Para títulos de **especialista** o 50 % do gasto de expedición do título de mestrado propio.
- c) Para o título de **experto ou diploma de formación superior universitaria** o 25 % do gasto de expedición do título de mestrado propio .
- d) Para o resto dos títulos e diplomas o gasto de expedición será de 15 €.

I.5. Recoñecemento de créditos:

O prezo por recoñecemento de créditos é o 25 % dos prezos establecidos para os créditos correspondentes.

II. Programas específicos de formación.

II.1. Programa de Formación Permanente do Profesorado:

Os cursos destinados para a formación docente serán sen custe para todo o PDI da Universidade de Vigo. No caso de que este cursos se ofreceran a docentes externos, aplicaríanse as tarifas correspondentes aos diplomas de Formación Universitaria.

II.2. Programa de Maiores:

Os prezos aprobados no Consello social de 29 de xuño de 2021.

II.3. Programa universitario para o emprego e a vida autónoma:

Prezo	Concepto
320,00 €	Curso completo 40 ECTS
8,00 €	Por cada crédito matriculado
Decreto	Secretaría: apertura de expediente académico
Decreto	Secretaría: expedición e mantemento de tarxeta de identidade
1,75 €	Documentación e soporte de matrícula

II.4. Cursos masivos (MOOC):

	Tarifa Xeral	Comunidade Universitaria / Persoas Desempregadas	Comunidade Alumni
Para os cursos masivos (MOOC)	25 € / ECTS	20 € / ECTS	22,5 € / ECTS